

A implantación dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento está cofinanciada co Fondo Social Europeo.

Estas accións serán cofinanciadas pola Xunta de Galicia e o FSE, co 80%, a través do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, no eixe prioritario 3B “Investir na educación, o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80%”, obxectivo temático 10 “Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e a

Información e publicidade

Ao comezo de cada curso escolar, os centros docentes informarán a todo o alumnado sobre a contribución dos fondos estruturais da Unión Europea á implantación destes novos programas, así como á prevención do abandono escolar temprán e ao fomento da igualdade de acceso a unha educación de calidade.

En concreto, informarase ao alumnado do cofinanciamento, cun 80% do gasto, a través do Fondo Social Europeo. Tamén se informará ao profesorado que imparta estas ensinanzas.

Nos espazos físicos nos que se imparte a citada formación e na documentación relacionada con estas ensinanzas deberá aparecer o logotipo do FSE coa lenda “O FSE inviste no teu futuro”.



Máis información:

Nas páxinas web:

<http://www.edu.xunta.es/portal/guiadalomce> e www.edu.xunta.es/portal/fse-pmar

Na Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado:

Teléfono: 981 546 507

Correo electrónico:

xsoie@edu.xunta.es

Departamentos de orientación dos centros docentes.

Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento en 2º e 3º cursos da ESO

Coñece as novidades na ESO

galicia

Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento en 2º e 3º cursos da ESO

Que son?

1

A quen van dirixidos?

2

Obxectivos

3

Son medidas que aplican unha metodoloxía e unha organización de contidos específica para que o alumnado con dificultades poida cursar 4º da ESO pola vía ordinaria con garantía de obter o título de graduado en ESO.

Ao alumnado de 2º e 3º cursos da ESO que non estea en condicións de promocionar ao curso seguinte.

- a) Reducir o abandono escolar.
- b) Acadar as competencias do 1º ciclo da ESO.
- c) Cursar 4º curso pola vía ordinaria e obter o título de graduado en ESO.

3
Organización
4

4.1 O currículo dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento incluirá os seguintes ámbitos:

- ✓ Ámbito lingüístico e social, que abrangue as materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Xeografía e Historia.
- ✓ Ámbito científico e matemático coas materias de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, e Física e Química.
- ✓ Ámbito de linguas estranxeiras que terá como materia a Primeira Lingua Estranxeira.

4.2 Os alumnos e alumnas acollidos a un programa de mellora terán un grupo ordinario de referencia no que cursarán as materias non pertencentes aos ámbitos.

4.3 Cada ámbito será impartido por un único docente.

4.4 O alumnado que acceda a este programa con materias pendentes de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e apoio que lle permitan recuperalas.